


Tema 5: A PENÍNSULA IBÉRICA ENTRE OS SÉCULOS **XI E XV**




1. ESPAZO E TEMPO

1.1 Liña do tempo

No estudo da Historia é moi importante situar os acontecementos nun espazo e nun tempo. Con isto nos referimos ao **contexto xeográfico (espazo)** e **cronolóxico (tempo)**.

2.2 Análise de mapas. Responde ás seguintes cuestións de cada un dos seguintes mapas e ordénaos cronoloxicamente:

- Sitúa cronoloxicamente: a que século pertence?
- Sitúa xeograficamente: que territorios están representados? (reinos e espazo xeográfico que ocupan de forma aproximada)
- Compara co mapa anterior (excepto no primeiro). Fai referencia o espazo que ocupan os reinos, a súa evolución (se se unifican, separan...) etc.



A orde cronolóxica dos mapas é a seguinte: 4-2-1-3

O mapa número 4 representa a división territorial da Península Ibérica a inicios do século XI (concretamente cara o 1035). A zona norte estaría dominada polos núcleos cristiáns, de oeste a este: reino de León, reino de Castela, reino de Navarra, reino de Aragón e Condadados Cataláns. No sur teríamos al-Ándalus, que neste momento se atopaba disgregado nos diferentes reinos de Taifas. Isto sería aproveitado polos reinos cristiáns para expandirse cara o sur, como veremos nos seguintes mapas.

O mapa número 2 corresponderíase coa primeira metade do século XII. Podemos apreciar como os reinos cristiáns (agás Navarra) avanzaron cara o sur, ocupando León e Castela o territorio entre o Douro e o Taxo, sendo especialmente relevante a conquista de Toledo (1085). O reino de Portugal independizárase (1143) e

ampliaría a súa fronteira ata Lisboa. Aragón e os Condados Cataláns, pola súa banda, avanzan ata o Ebro. O territorio musulmán estaría unificado baixo o dominio almorábide.

O mapa número 1 representaría a situación a inicios do século XIII. Os reinos cristiáns avanzan na súa ocupación do territorio, sendo nesta época moi relevante a súa victoria na batalla das Navas de Tolosa (1212). Tamén podemos ver no mapa a unión de varios núcleos cristiáns. Por unha banda, de Castela e León, que se unifican definitivamente no 1230. Por outra, do reino de Aragón e dos condados cataláns que aparecen unificados na Coroa de Aragón (1137).

O mapa número 4 podémolo situar entre o 1238 e o 1492, período en que se manteñen os 5 reinos representados: Coroa de Castela, Reino de Navarra, Coroa de Aragón, Reino de Portugal e Reino de Granada. En comparación cos mapas anteriores, observamos como o territorio de dominio musulmán vese reducido á zona do sureste peninsular: O Reino de Granada.